



CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES FEIRADEZA 2012

Un bo manexador é aquel que coñece á perfección a morfoloxía dos seus animais e despois dunha correcta doma, preparación e pelado, é capaz de facer resaltar as virtudes do exemplar que presenta, minimizando ó mesmo tempo os posibles defectos que poida ter. Este concurso consiste en que os xóvenes participantes demostren a súa habilidade na presentación de animais en pistas de concurso e exposicións, aproveitando ó máximo as cualidades e posibilidades que ofrece cada animal.

Os fins perseguidos con este concurso son:

- * Animar ós xóvenes a interesarse e participar, dende moi cedo, nas tarefas de selección e mellora das súas explotacións.
- * Colaborar na profesionalización e autoestima dun sector que tradicionalmente foi menospreciado na nosa sociedade.
- * Asegurar a continuidade dos concursos, exposicións e subastas no futuro como medio imprescindible para a promoción, rendibilidade e continuidade das explotacións gandeiras.

BASES DO CONCURSO

CONDICIÓN XERAIS

- 1.- O Concurso celebrárase o **10 de Xuño, Domingo, ás 13:30 horas** no Recinto Feiral de Lalín.
 - 2.- Nel poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, sen límite de idade.
 - 3.- Dada a diferenza de idade entre os posibles participantes, establécense as seccións según se indica no punto 4.
 - 4.- SECCIÓN:
- Sección 1ª :** Competirán nesta sección aquelas persoas que teñan **máis de 21 anos.**
- Sección 2ª:** Competirán mozos con idades comprendidas **entre os 16 e os 21 anos inclusive.**
- Sección 3ª:** Inclúe a mozos con idades comprendidas **entre os 10 e os 15 inclusive.**
- Sección 4ª:** Nela participarán rapaces **menores de 9 anos.**
- Sección 5ª - CAMPIONATO:** Competirán polos títulos de CAMPIÓN e SUBCAMPIÓN Manexador FEIRADEZA 2012, os dous primeiros clasificados nas seccións anteriores.
- 5.- As seccións serán xulgadas empezando polos manexadores de máis idade, permitindo así, que os máis novos poidan aprender as técnicas que os maiores empregan.
 - 6.- No caso de que algunha sección teña menos de 3 participantes, serán incluídos na sección anterior ou posterior, en función da súa idade.
 - 7.- Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o 1 de Xuño.
 - 8.- Sendo o obxectivo do concurso, o de formar e estimular aos mozos nas tarefas de doma, manexo e presentación do gando, cada participante estará obrigado a preparar o animal co que vaia concursar.
 - 9.- Os máis novos poderán ser axudados nos traballos mencionados (punto 8) polos colaboradores do Clube que se atopen no recinto.
 - 10.- Os concursantes nas seccións 3 e 4 (punto 4) só poderán participar con animais inscritos nas seccións de becerras do Concurso de frisón.
 - 11.- Os concursantes nas seccións 1 e 2 só poderán competir exclusivamente con xovencas.

CONDICIÓN DE PRESENTACIÓN

No momento de presentación dos animais en pista, cada manexador deberá:

- 12.- Obligatoriamente, ir uniformado con **CAMISA BRANCA E PANTALÓN BRANCO.**
- 13.- Comprobar que o animal que vai exhibir estea perfectamente limpo e en condicións para saír a pista.
- 14.- Estar atento ás instrucións que se dean e presentarse puntualmente en pista, cando e cantas veces sexa requirido.
- 15.- Unha vez na pista, estar atento en todo momento, ás indicacións do xuíz e actuar, correcta e rapidamente, dacordo ás mesmas.

- 16.- Manter en todo momento ao animal baixo control, procurando non distraer nin molestar a outros concursantes.
- 17.- Estar preparado para responder a calquera pregunta que o xuíz poida facerlle con respecto ao animal que conduce (idade, pais, etc).
- 18.- Recordar que unha sección non rematou ata que o xuíz o indique, xa que logo, toda colocación será provisional ata o devandito momento.
- 19.- Aceptar deportivamente as decisións do xuíz, mantendo en todo momento unha actitude correcta e respectuosa.

XULGAMENTO

O xulgamento do Concurso de Xóvenes Manexadores correrá a cargo de **D. Roberto Saiz Río, Xuíz Nacional de CONAFE**, que estará asistido en pista por un membro do Clube.

Serán misións deste xuíz:

- 20.- Valorar as habilidades dos manexadores (doma e presentación) sen ter en conta as características morfolóxicas dos animais que presenten.
- 21.- Xulgar cada sección por separado.
- 22.- Dar as explicacións do por que da colocación en cada unha das seccións, xulgadas, procurando aconsellar aos mozos como mellorar a súa técnica.
- 23.- Proceder á colocación final dos manexadores, tendo en conta as tres premisas básicas que estes deben observar (preparación do animal, técnica de presentación e actitude demostrada en pista, tanto cara aos seus compañeiros como ás indicacións do xuíz).
- 24.- As decisións do xuíz serán inapelables, xa que logo, a participación implica a aceptación das mesmas.

PREMIOS

- 25.- Outorgaranse escarapelas aos 3 primeiros clasificados de cada sección.
- 26.- O Clube de Xóvenes Gandeiros concederá un Premio Especial ó Campión e Subcampión Preparador deste Concurso.(sec.5ª)
- 27.- Os puntos acadados por socios do Clube neste concurso, serán acumulativos para o TORNEO-PUNTUABLE 2012.
- 28.- O TORNEO-PUNTUABLE 2012 DE PREPARADORES E PRESENTADORES DE GANDO, rexirase polas normas recollidas no seu propio regulamento (será publicado próximamente na páxina web: www.xovenesgandeiros.com).

DISPOSICIÓN FINAIS

- 29.- A participación supón a aceptación de tódalas normas contidas no presente regulamento.
- 30.- A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puidesen suscitar na interpretación do regulamento, ou que non estivesen recollidas no mesmo.

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN:

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Nº: _____

PARTICIPANTE: _____ DNI: _____ DATA NAC.: _____ IDADE: _____ SECCIÓN: _____

DOMICILIO: _____ CP: _____ LOCALIDADE: _____ PROV.: _____ TFNO: _____ GANDERÍA: _____

SOCIO: _____ SOLICITA INSCRIBIRSE NO "CONCURSO DE MANEXADORES FEIRADEZA 2012", QUE SE CELEBRARÁ en Lalín o 10 de Xuño de 2012, ás 13:30 h.

Sinatura do participante:

AUTORIZACIÓN EN CASO DE MENORES DE IDADE

D./Dña. _____ D.N.I. _____ COMO (pai, nai, tutor,...)AUTORIZA A _____ a

participar no CONCURSO MANEXADORES FEIRADEZA 2012, e para que conste ónde proceda asino a presente en _____, a ____ de _____ de 2012.

Sinatura da persoa que autoriza:

Entregar debidamente cumplimentado e asinado ó representante do Clube de Xóvenes Gandeiros o 10 de Xuño antes das 13:00 Horas.

Fax: 981 57 38 79 – mail: clubexovenes@fefriga.com